

Instrucións do 28 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se amplían e concretan determinados aspectos das Instrucións do 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao obxecto de ampliar e de concretar determinados aspectos relativos a avaliación e criterios de promoción e de titulación, recollidos nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, procede ditar as seguintes instrucións,

1. Obxecto e ámbito de aplicación

1.1. Estas instrucións teñen por obxecto ampliar e concretar determinados aspectos das Instrucións do 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no relativo a criterios de avaliación, promoción e titulación para o presente curso 2019/20.

1.2 Son de aplicación en todos os centros educativos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2. Probas finais e avaliación final

2.1 Os centros educativos non poderán realizar probas de modo presencial ao alumnado. Aqueles centros que tiveran previsto a realización de probas presenciais, coa finalidade de aumentar as oportunidades do alumnado para superar as materias pendentes ou con avaliación negativa, só poderán realizalas de modo non presencial, polo mesmo mecanismo co que cada centro se viñese comunicando co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-



aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial. Se os docentes o consideran oportuno, as probas poderán ser substituídas pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva do alumno ou alumna.

2.2 As probas extraordinarias do mes de setembro, realizaranse na modalidade presencial ou non presencial, en función das condicións sanitarias existentes no momento da súa celebración. Ditas probas versarán exclusivamente sobre os obxectivos, as aprendizaxes e as competencias desenvolvidas en modo presencial durante o primeiro e o segundo trimestre.

2.3 Os centros educativos celebrarán conxuntamente a sesión da terceira avaliación parcial e a sesión da avaliación final, levantándose a correspondente acta. Valorarase o esforzo do alumno ou da alumna na realización das tarefas e actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación de aprendizaxes propostas, e o interese amosado no seguimento da actividade educativa desenvolvida no período non presencial, tendo especial consideración ás dificultades de carácter tecnolóxico, social ou persoal que puideran ter concorrido en cada un dos alumnos e alumnas. En todo caso, a valoración das actividades realizadas na fase non presencial só poderá ter valor positivo para a cualificación final do alumno ou da alumna.

2.4 Polas circunstancias excepcionais do desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020, nos documentos de avaliación os centros educativos rexistrarán as cualificacións da primeira e da segunda avaliación e as cualificacións da avaliación final. Non se rexistrarán cualificacións da terceira avaliación. No caso das ensinanzas de formación profesional rexeranse pola súa normativa específica.

3. Criterios de promoción en educación secundaria obrigatoria, en formación profesional básica e en bacharelato

3.1 En educación secundaria obrigatoria, en formación profesional básica e en bacharelato, independentemente de que a adopción da decisión sobre promoción se adopte por parte do equipo docente na convocatoria ordinaria de xuño ou na extraordinaria de setembro, os alumnos e as alumnas que promocionen dun curso a outro dentro da mesma etapa con materias non superadas terán dereito a presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro, a fin de posibilitarlle a recuperación desas materias.



3.2 Os resultados da convocatoria extraordinaria non alterarán as decisións de promoción que se tiveran adoptado na avaliación final ordinaria, agás que sexan máis favorables para o alumno ou alumna. Para estes efectos, a situación de non presentado/a (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.

4. Criterios de titulación en bacharelato

Os centros educativos poderán flexibilizar, de maneira excepcional, os criterios para a obtención do título de bacharelato sen ter en consideración as limitacións que afecten ao número de materias non superadas, cando a xuízo do equipo docente, o alumno ou a alumna teña adquiridos suficientemente os obxectivos xerais de etapa que lle permitan continuar o seu itinerario académico. En todo caso, a nota media da etapa debe ser igual ou superior a 5.

5. Informe individualizado

O informe individualizado recollido no punto 7.4 das Instrucións do 27 de abril será coordinado polo profesorado titor coas aportacións do profesorado do grupo. Facilitarase o modelo aos centros educativos.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

